

Alcouve



C.E.I.P. Cabanas

XUÑO 2013

EDITORIAL

Despois de enviar a nosa Revista Alcouve “ao paro” durante un curso por mor do gran recorte económico que sufrimos, e seguimos sufrindo os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, voltamos este curso cunha nova edición na que recollemos algunhas das experiencias e actividades realizadas.

Estas vivencias tamén as podeades coñecer, como xa vos fumos informando, a través do Alcouveblog nos seus diversos apartados: Infantil, Primaria, Biblioteca, Orientación, etc.

Dentro da Rede de Escolas-Unesco traballamos A AUGA como eixo globalizador durante o curso, descubriendo o gran valor que ten este elemento natural nas nosas vidas.

Por iso, desexamos que o noso pequeno Alcouve deste curso xa rematado, viaxe pola escola e pola vida nesas suaves pingas de auga cargadas de forza, amor e ilusión para poder sementar campos e campos de..., simplemente, *BOAS PERSOAS*.

FELIZ VERÁN E BOAS VACACIÓNS!

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística


SUMARIO

	Páx.
➤ Viaxando a París (Infantil 4 e 5 anos).....	1
➤ Aforrando enerxías (1º ciclo primaria).....	5
➤ Saúde e alimentación (3º primaria).....	9
➤ Na biblioteca (3º primaria)	10
➤ Visita do CEP Marcos da Portela (4º primaria).....	11
➤ Poesías (4º primaria).....	12
➤ Conducir non é un xogo (5º primaria).....	13
➤ O entroido (5º primaria)	15
➤ O teixo (6º primaria).....	17
➤ Aula de música	19
➤ Aula de Educación Física	21
➤ Biblioteca	23
➤ As fontes de Salcedo: Un tesouro (Raquel Rosales Estévez de 6º primaria).....	27

ESTE CURSO OS NENOS DE 4 E 5 ANOS ESTIVEMOS APRENDENDO MOITAS COUSAS NOVAS DE PARIS.

XA SABEMOS QUE:



PARIS ESTA EN FRANCIA



A SUA BANDEIRA É EM 3 CORES AZUL, BRANCO E VERMELHO


A TORRE EIFFEL TEM 300 METROS

O RIO DE PARIS CHAMASE SENA




A MONA LISA
DE LOUVRE

ESTÁ NO MUSEO






OS FRANCESES GUSTAM LLE MOITO

O QUEIXO E OS CARACÓIS.





MIRADE QUE TRABALLOS TAN BONITOS FIXEMOS PARA REMATAR O PROXECTO.





MOULIN ROUGE BATEAU



PARISIEN

O 1º CICLO E O CONSUMO SOSTIBLE


Este curso, as nenas e nenos do 1º Ciclo, aprendemos a importancia do aforro da luz e da auga.

Fomos inspectores de enerxía e preocupámonos de comprobar as cousas que se fan no cole e o que hai que mellorar para non malgastar electricidade, calefacción nin auga.


Fixemos carteis e falamos en todas as clases sobre a importancia da enerxía e de facer un bo uso dela, deixando apagadas as luces cando non hai ninguén nas aulas e mantendo as ventás pechadas cando está a calefacción conectada.

Tamén medimos a cantidade de auga que bota cada un dos grifos da escola, e, con axuda dos compañeir@s do 3º ciclo, averiguamos os litros que gastamos en lavarnos as mans nun día.

Aquí vos poñemos algunhas fotos do noso traballo:




Fermamos equipos para ir a inspeccionar todo o cole.




Levamos carnés para poder inspeccionar.

Aquí estamos de inspección.



Colocamos carteis en todos os espazos do cole.


Fixemos cartas para o director e o alcalde.





Preparamos un mural
de noso traballo.


Fomos ao Teatro Principal
a presentar o noso traballo.




Fixémosos esta foto nas
escaleiras do teatro.

bañes.

Dúchate non te



Temos que



ceidarse a

• auga


Non nos podemos

sen auga non habería mundo.



para os humanos, para as plantas e para os animais.

A auga é necesaria




animais.


CHARLA NA BIBLIOTÉCA

SAÚDE E ALIMENTACIÓN

O venres na biblioteca víronos a darnos unha charla sobre a alimentación e o deporte. Contáronnos que hai comidas que debemos comer a menudo e outras en algunhas ocasións. As froitas, as verduras e as legumes debemos tomalas varias veces a semana, a bollería e os pasteis debemos de tomalas poucas veces porque teñen moita grasa. A auga e os zumos son moi importantes para a nosa dieta. Tamén é moi importante facer deporte. E despois da charla nos deron auga, iogures, froita e tamén unhas entradas para ir a ver o Teucro.

Vera 3.





NA BIBLIOTECA

ALUMNOS DE 3º

DISFRUTANDO DA LECTURA



ASÍ FOI UN DÍA DE CONVIVENCIA NO NOSO COLE COS ALUMNOS DO CEP MARCOS DA PORTELA.....



Aquí estamos na presentación.



Tecemos unha tea de araña.



Aprendemos a bailar un pasodoble. Pasámolo xenial!



Representamos a obra de teatro "A disputa das cores".


"Escoitamos" unha poesía en linguaxe de signos.



E para rematar, foto de grupo co cadro pintado polo famoso pintor Pontevedrés Rafael Úbeda, "Creatividad y fantasía".


POESIAS

A nena gota
gústalle viaxar
e nunca se esgota
de tanto saltar.




A o ceo súbese
despois de voar
e vai ata a nube
dende o fondo do mar.

Se polo río pasa
é de desconfiar.
Virá ata a miña casa?
ou irá rumbo a o mar?



Ás veces a sinto
que no meu vaso está
béboa sedento
¡Que felicidade!





CONDUCIR



NON

E

UN

XOLO

Entre as moitas actividades que fixemos este ano, está a de educación vial.

Esta actividade realizouse en dúas partes: dous días de clase teórica e unha práctica.

Estivo con nós, no colexio, un policía local que nos explicou moitas cousas de educación vial. Despois de insinar nos uns vídeos explicounos cal era o seu traballo e como tiñamos que camiñar polas beirarrúas, como cruzar polos pasos de peóns e polos semaforos






e moitas cousas máis.
 O día 22 de abril fixemos a saída ao parque de educación vial, en Mollabao, alí explicáronnos a importancia da seguridade e foi por iso debemos ir sempre protexidos: casco, chalecos, cinto etc. Despois dividímonos en grupos: uns en cars, outros en bicis e outros de peóns e fixemos prácticas. Pasou de todo: salto de semáforos, frenazos e algún choque.

Aprendimos moitas cousas sobre os sinais de tráfico e os semáforos, e como ser uns bos peóns e conductores. A experiencia foi bonita e divertida.

Clase de 5^e



O ENTROIDO

O entroido ou carnaval é unha festa de carácter tradicional que se celebra entre os meses de febreiro e marzo, son coñecidos os entroidos de Xinzo de Limia, Larza, Verín etc. Nalguns lugares celébrase o enterro da sardiña, a queimadura do loro Ravachol... pero no noso colexio queimamos a Cabanón.

Cabanón é un moneco de palla e roupa ao que lle botamos todos os nosos males para queimalos: queixámonos das choivas,

das caídas, dos deberes, dos profesores etc. Como

este ano traballamos a auga os nenos de 5º



disfrazámonos de nubes. Na aula de plástica fixemos os nosos propios disfraces, con bolsas de plástico e adornámolo con nubes feitas por nós e unha peruca branca.

CANTIGA

DO

ENTROIDO



Adeus martes de Entroido
adeus, meu amiguiño,
ata Domingo de Pascua
non comerei máis touciño

Adios, martes de entroido,
adios meu queiridiño
hasta domingo de pascua
non volto untar o fociño.

curso de 5º

O TEIXO

Unha árbore senlleira

Descrición

O teixo é unha árbore baixa, se ben excepcionalmente pode acadar ata 28 metros de altura. O seu perfil é variado cunha cima irregular e un tronco grosso, curto e con nós, do que nacen pólas a só uns centímetros do chan. As formas arbustivas son tamén frecuentes. O nome científico do teixo común é *taxus bacatta*.

Ten un crecemento lento e pode vivir 4000 anos. Como a súa madeira non podrece e ten unha lonxevidade tan alta, as culturas antigas o utilizaron como símbolo de eternidade e aparece moitas veces no entorno dos camposantos.

O teixo común pasou de ser unha especie sagrada e moi difundida na antigüidade a estar case en perigo de extinción.

Na Idade Media foi moi utilizado en Inglaterra para a fabricación de arcos, pola súa madeira resistente e flexible, feito que levou a case total extinción na illa.

Pola súa idade, son moi nomeados os teixos de Barandillo (Serra de Guadarrama) e de Bermiego (Asturias). Na provincia de Ourense hai un bosque de teixos sensacional: O teixedal de Casaio. Ocupa unha ladeira de Pena Trevinca desde hai miles de anos.

A cortiza da árbore ten unha cor que oscila entre o castaño vermello, ás veces moi escuro, ata o púrpura. Esta cortiza é bastante fina e desescama con certa facilidade. As follas son agullas febles, planas e de cor entre o verde escuro por enriba e verde máis claro por embaixo, de base foliar decorrente. Miden polo xeral entre 1 e 4 cm. Estas agullas están inseridas en espiral arredor das pólas e gallas.

O teixo é unha especie dioica: os exemplares femias producen uns arilos carnosos ou bagas, de cor vermella moi viva, que envolven parcialmente ás sementes. Non son tóxicos, sendo consumidos polas aves, porén as sementes sí son venenosas, como todo o resto da planta. As flores dos exemplares machos producen un pole, amarelo, en primavera. O arilo madura nese mesmo verán.

Esta toxicidade da planta débese a unha mestura de alcaloides. Porén o taxol é un antitumoral importante para distintos tipos de cancro. A pesar da súa toxicidade emprégase en xardinaría para facer setos

Distribución

O teixo esténdese dende o noroeste de África a Europa, Asia Menor, e aínda ata o Cáucaso e norte de Irán. Atura temperaturas moi baixas. Pódese atopar nos Alpes bávaros ata os 1350 m de altitude e ata os 1600 m no cantón suízo do Valais. Os seus límites setentrionais atinxen os 62°30' de latitude norte en Noruega e os 61° N en Suecia, dentro da isoterma do mes de xaneiro de -5 °C. En Galicia é unha planta rara que aparece illada en lugares coma O Courel, os Ancares ou o Xurés, agás nun caso, o teixadal de Trevinca, onde se formou un pequeno bosque, cousa pouco habitual nesta especie. O abandono de topónimos do tipo Teixeiro, Teixeira ou Teixido, mais a presenza doutros como Teixoeira e Teixidón suxire que antigamente si que era unha especie moito máis presente no territorio do país galego.

Tradicións


Dentro da antiga cultura céltica o teixo (galo **eburos*) tivo unha extraordinaria importancia. Unha pasaxe de César narra que Catuvolcus, xefe dos Eburones -literalmente "fillos do teixo"-, suicidouse envelenándose con teixo antes que entregarse a Roma (*De bello Gallico*). De xeito similar Floro conta que os cántabros, asediados polo legado Gaio Furnio, no 22 a.C. preferiron suicidarse, ben pola espada ou lume ou ben por veneno extraído de teixos. E, así mesmo, Orosio relata que os galaicos sitiados no monte Medulio, preferiran morrer suicidados polas propias armas ou por veneno de teixo, antes que renderse aos romanos .

Curiosidades

A árbore mais vella de Europa é un teixo que está en Fortingall (Escocia). Ten 5000 anos e conserva una vitalidade desbordante. A lenda sostén que baixo as súas polas naceu Poncio Pilato.

Outra lenda di que Robin Hood e Marian Maid coñeceronse e casaron á sombra dun teixo que aínda se conserva no camposanto da igrexa de San Cuthbert en Doveridge.





A expresión castelán "tirar los tejos"(facen insinuacións amorosas a unha persoa) ven da antiga costume dalgúns pobos nos que as mozas botaban sementes de teixo aos mozos casadeiros.



6º de Primaria

AULA DE MÚSICA

Este ano, o noso traballo anual foi sobre BEETHOVEN. Estos son algúns dos nosos traballos :



Este ano estudiamos a... Beethoven

Estas son algunhas das cousas que sabemos dele:

Cando e onde naceu?

Naceu en Bonn, Alemaña o 16 de decembro de 1770.

△ que época pertenceu?

Pertenceu a finais da época clásica e principios do romanticismo.

△ súa profesión?

Director, compositor e músico.

Que instrumento tocaba?

Tocaba o piano.

Cando e onde morreu?

Morreu en Viena, Austria o 26 de marzo de 1827

Estas son as obras que estudamos:

- Claro de Luna
- Para Elisa
- La 9ª sinfonía
- La heroica
- La patética
- Septimino
- La 5ª sinfonía

Sora Caselles Rodríguez 6º
Ainhoa Gouso Orge 6º
Raquel Rosales Estévez 6º

CAMPIONATO DE BÁDMINTON 2022/23

Estimados lectores deportistas:

Este ano celebrouse no CEIP de Cabanas un campionato de bádminton entre os alumnos e alumnas de 5º e 6º curso. Aprendemos a xogar, pero sobre todo... ipasámolo moi ben!



CLASIFICACIÓN 2012-13:

5º PRIMARIA

OCTAVOS DE FINAL:

LINO-OLALLA
YANIRA-LAURA

CUARTOS DE FINAL:

LINO-OLALLA

SEMIFINAIS:

RUBÉN-MIGUEL

REPESCA:

SABELA-CHAIMA

GAÑADORES:

XOANA-AROA

RUBÉN-MIGUEL
DIEGO-AINHOA

RUBÉN-MIGUEL

KEVIN-ADRIÁN
CHAIMA-SABELA

CHAIMA-SABELA

SABELA-CHAIMA

ANDRÉ-DANI B.
SHEILA-NAHIKARI

ANDRÉ-DANI B.

XOANA-AROA
CARMEN-NATALIA

XOANA-AROA

XOANA-AROA

DANI G. - ELI
ANTONIO-FERMÍN

DANI G. - ELI

6º PRIMARIA

OCTAVOS DE FINAL:

RUBÉN-OSAMA
DANI-ALEXANDER

CUARTOS DE FINAL:

RUBÉN-OSAMA

SEMIFINAIS:

RUBÉN-OSAMA

RUBÉN-OSAMA

GAÑADORES:

RUBÉN-OSAMA

MIGUEL-A.BARCIA
RAÚL-ALFONSO

RAÚL-ALFONSO

JUAN-ALEX PÉREZ
PABLO-NABIL

JUAN-ALEX PÉREZ

RAFA-ICIAR

JONAT.-JONAT.
RAFA-ICIAR

RAFA-ICIAR

TAMARA-VERO
AMPARO-RAQUEL

AMPARO-RAQUEL

LORENA-ALICIA

SARA-AINHOA
LORENA-ALICIA

LORENA-ALICIA

ANA-NOA

BIBLIOTECA

Este foi o primeiro curso no que participamos no **PLAN MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES**. Asignáronnos un presupuesto para biblioteca que nos permitiu que ao longo do curso 2012/13 o equipo de biblioteca puidese mercar máis libros, CDS, DVDS ... e se conseguirá facer unha transformación física da biblioteca moi importante grazas a merca de novo mobiliario, mesas, cadeiras e tamén de ordenadores.







Na merca de ordenadores temos que resaltar a colaboración da ANPA.





O equipo de biblioteca quere darlle as grazas as alumnas voluntarias que participaron nas tarefas de organización e xestión e que estiveron todo o curso de xeito ordenado organizando libros, vixiando e incluso facendo pequenas axudas de catalogación.



Tamén queremos destacar a importante participación dos pais na actividade **Contacontospais** que se organizou no terceiro trimestre e que tanto lle gustou os nenos.




OUTRAS ACTIVIDADES:





Tódolos nenos e nenas de Primaria fixemos un taller de Matemáticas manipulativas.

E pasámolo moi ben ...

COLOREAMOS MANDALAS



FIXEMOS AS NOSAS PROPIAS MANDALAS CON FIGURAS XEOMÉTRICAS



Adiós, ríos; adiós fontes

Adiós regatos pequenos...

AS FONTES DE SALCEDO : UN TESOURO

Salcedo xoves 23 de maio de 2013

Alumnos do colexio de Cabanas xunto con algúns familiares exploran o territorio en busca de tesouros naturais propios desta zona. A beleza das fontes, a serenidade que transmiten e os pequenos ecosistemas que conteñen cada unha delas son nada máis que unha pequena parte das maravillas que se poden apreciar.

A medida que vai avanzando a ruta, mestres e alumnos van facendo un estudio ampliando coñecementos coas vivencias e a sabiduría popular que aportan os maiores.

A experiencia foi un éxito tamén pola participación. Mestres, nenos, pais, e outros familiares amosaron unha gran sensibilidade cara a natureza, o futuro do planeta e os recursos naturais dos que, cun bo coidado e preservación, as xeracións vindeiras poderán disfrutar.





O máis destacado desta expedición é o grao de madurez e mentalidade coa que os alumnos se responsabilizan de axudar a conservar estes fermosos paisaxes.

Todos desexamos que a súa experiencia poida ensinar a outros nenos a aprender coma eles, a disfrutar da natureza e dos efectos extraordinarios da auga no planeta.

Raquel Rosales Estévez

6º Primaria

Grazas a tódolos pais e nais
que colaboraron con nós



6º - CURSO 2012/2013



Bicos e apertadas para este Alcouve xa maduro.

Boa sorte e ata sempre.